

UNIDADE DIDÁCTICA 7

A ROMANIZACIÓN DE HISPANIA.

TOPONIMIA E ONOMÁSTICA

7.1. Concepto de romanización

7.1.1. O modelo de conquista romano

7.1.2. Relación entre culturas: dominadores e dominados

7.2. Restos arqueolóxicos romanos en Hispania

7.3. Conceptos de toponimia e onomástica

7.3.1. Topónimos de base latina

7.3.2. Antropónimos de base latina

NOTAS E ACTIVIDADES

1. Reflexiona un anaco sobre as conquistas e as colonizacións, e pensa se eses fenómenos, que tanto se deron ó longo da historia humana, son positivos ou negativos desde o punto de vista ético e tamén do desenvolvemento. Expresa as ideas que concibas dun modo razoado.

2. Pensa en se é conveniente que se siga practicando a Arqueoloxía, e tamén en cal é o motivo do interese en preservar os restos do pasado. Expón os teus puntos de vista dun xeito razoado.

3. Busca nun dicionario o significado da palabra **toponimia** e anótalo abaixo:

toponimia:

4. Busca información sobre a orixe e o significado dos nomes de lugar que aparecen a continuación.

LONDRES

PARÍS

MADRID

SANTIAGO DE COMPOSTELA

A CORUÑA

BURGOS

BARCELONA

LEÓN

LUGO

OURENSE

MUNICH / *MÜNCHEN*

PONTEVEDRA

MUROS

5. Busca nun dicionario o significado da palabra **onomástica** e anótalo abaixo:

onomástica:

4. Busca información sobre a orixe e o significado dos nomes de persoa que aparecen a continuación. Ó mellor un deles é o teu; aínda que non o sexa, talvez algunha vez investigaches sobre o que quere dicir o teu nome, así que agora che imos pedir que nolo contes.

ADRIÁN / ADRIANA:

ANTÓN / ANTONIO / ANTONIA:

BEATRIZ:

XULIO / XULIA:

LAURA / LAURO:

PARA LEMBRAR

1. Deberás amosar que comprendes o concepto de romanización como resultado da conquista nalgúns dos territorios do antigo Imperio Romano. Tamén terás que coñecer as fases da conquista de Hispania e identificar a maior parte dos restos arqueolóxicos que aparecen na presentación *Arqueoloxía romana de Hispania*.



2. Pedirásche que demostres comprensión dos conceptos de toponimia e onomástica, así como o significado dos topónimos e antropónimos vistos nesta Unidade.